

Acuicultura: técnica de cultivo de especies acuáticas, vexetais e animais, en ambientes físicos controlados, co obxectivo de manter as condicións que estas especies atopan no seu medio natural. Conxunto de actividades referidas á cría e coidado de animais e plantas acuáticas (peixes, moluscos, crustáceos, algas) cunha finalidade productiva e recolección controlada.

-É o conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. A acuicultura aparece restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crustáceos. En Galicia, a acuicultura representa aproximadamente a terceira parte da cifra do negocio da pesca.

Agricultura ecolóxica: Sistema para cultivar unha explotación agrícola sen empregar produtos químicos ou organismos xenéticamente modificados, obtendo así alimentos orgánicos, á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respeta o medio ambiente.

Aluvi3n: Material depositado polo río e que presenta unha morfoloxía redondeada polo frotamento coa auga e con outras partículas transportadas polo río.

Área metropolitana: Aglomeración urbana formada por unha cidade que concentra importantes funcións, que a converten no centro organizador dunha extensa área, que abrangue varios municipios.

En España, considérase que a cidade central debe ter como mínimo 50.000 habitantes, e o conxunto da área, polo menos 200.000 habitantes.

Unha **área metropolitana** é un espacio moi urbanizado que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

Área suburbana: Correspóndese aos chamados “barrios baixos”, pobres, marxidados ou degradados das zonas periféricas alonxadas do centro dunha cidade (engloba cidades-durmitorio ou pequenas poboacións).

Sen embargo, no mundo anglosaxón, as áreas suburbanas correspóndense coas zonas residencias da clase media (cidades norteamericanas, por exemplo).

Área periférica dunha cidade, na zona de contacto entre aquela e o campo que a circunda. O crecemento desta área débese ao aumento da poboación (inmigrantes ou polo crecemento vexetativo).

Aridez: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

Escaseza de humidade no aire e no solo, definida sobre todo en relación coas necesidades da vexetación e dos cultivos e co réxime térmico.

Avaliación de impacto ambiental (AIA): Chámaselle así ao procedemento técnico-administrativo que serve para identificar, previr e interpretar os impactos ambientais que producirá un proxecto en caso de ser executado, co fin de que a administración competente poida aceptalo, rexeitalo ou modificalo.

Balanza de pagamentos: Medida de tódalas transaccións económicas realizadas entre un país e o resto dos países durante un ano, considerando as mercadorías exportadas e importadas, os gastos de estranxeiros no país, remesas de emigrantes, capitais estranxeiros invertidos, etc.

Barlovento: aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante, queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario queda exposta ao fluxo descendente.

Ladeira o vertente exposta á acción directa dos ventos dominantes, que normalmente recibe maior cantidade de precipitacións.

-É a parte dun relevo ou zona orientada cara ao lugar de onde vén o vento. En Galicia, cando domina o fluxo zonal do oeste, a vertente de barlovento das dorsais montañosas é a occidental, máis húmida, mentres que a de sotavento, a oriental, se caracteriza por unha menor pluviometría.

Censo de Poboación: *É un documento no que se reconta a poboación dun país nun momento determinado, apórtanos información sobre o volume de poboación dun lugar, a súa composición por sexo e por idades, estado civil, tamaño da familia, nivel de estudos, renda, etc.*

Reconto da poboación dun país nun momento dado, que recopila, resume, valora, analiza e publica os datos de carácter demográfico, cultural, económico e social de tódolos habitantes do país e das súas divisións político-administrativas, referidas a un período. Desde 1981 en España realízase nos anos acabados en 1, e actualízase cada cinco anos cos datos dos padróns municipais.

Comisión europea: *a Comisión Europea é unha das principais institucións da Unión Europea. Representa e defende os intereses do conxunto da UE, elabora propostas de nova lexislación europea e xestiona a labor cotiá de poñer en práctica as políticas e facer uso dos fondos europeos.*

Comunidade Autónoma: *unidade territorial e administrativa que conta cun certo grao de autogoberno, inscrita nunha unidade territorial de maior ámbito e soberana que é o Estado. O Estado español está composto por 17 Comunidades Autónomas.*

Cualificación do solo: *división ou clasificación do solo en tipos e categorías, definidas segundo a vixente Lei do Solo (urbano, urbanizable e non urbanizable).*

Cunca fluvial: *conxunto de terras e de acuíferos que aportan as súas augas ao curso dun mesmo río principal e aos seus afluentes.*

Territorio cuxas augas superficiais van engrosar un determinado río, que dá nome á cunca e xerarquiza toda a drenaxe.

-é a porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas – liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que soe coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-.

Denominación de orixe: *Tipo de indicación xeográfica aplicada a un produto agrícola ou alimenticio, cuxa calidade ou características débense fundamental e exclusivamente ao medio xeográfico no que se produce, transforma e elabora. A denominación de orixe protexe legalmente aos produtores desa zona xeográfica.*

Desagrarización: *Progresivo abandono das tarefas relacionadas coa actividade agraria e gandeira. Implica en moitos casos o abandono tamén progresivo do medio rural.*

- A desagrarización é a perda de poboación dedicada á actividade agraria, así como á perda de importancia económica da actividade agrícola nun territorio. En toda España tense producido este proceso, especialmente desde finais dos anos 1970.

Difusión industrial: *Proceso de mobilidade das actividades industriais, con novos tipos de localizacións xeográficas (polígonos industriais, parques tecnolóxicos), debido a razóns económicas e medioambientais.*

Distribución e espallamento espacial dos distintos núcleos urbanos dunha cidade ou comarca.

Economía somerxida: *conxunto de actividades económicas que non aparecen reflectidas nas estatísticas oficiais debido á súa ilegalidade, e que permiten a subsistencia dun sector máis ou menos amplo da poboación segundo os países. Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e as leis e normativas laborais.*

Economías de escala: *Grandes series de produción a baixo prezo. Nivel óptimo de aproveitamento dos factores de produción, tal que, para unha cantidade dada do produto, o custo total será o máis baixo posible, resultando máximo o beneficio.*

O poder que ten unha empresa cando acada un nivel óptimo de produción e pode fabricar artigos a menor custo.

Ecosistema: *Sistema natural formado por un conxunto de organismos vivos e o medio físico onde se relacionan.*

Un ecosistema é unha unidade de organismos interdependentes que comparten o mesmo hábitat. Os ecosistemas soen formar unha serie de cadeas que amosan a interdependencia dos organismos dentro do sistema.

Ecoturismo: *O ecoturismo ou turismo ecolóxico é unha nova tendencia do Turismo Alternativo diferente ao Turismo tradicional. É un enfoque para as actividades turísticas na cal priviléxiase a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio (tanto natural como cultural) que acolle e sensibiliza aos viaxantes. Tamén se considera como primordial o benestar das poboacións do entorno.*

Efecto invernadoiro: *Elevación da temperatura da atmosfera próxima á corteza terrestre pola dificultade de disipación d radiación calorífica, debido á presenza dunha capa de certos gases (óxidos de carbono e nitrosos, metanos...) procedentes de combustións industriais (emisións de CO₂, quema masiva de combustíbles fósiles,...).*

Este quentamento extraordinario e progresivo está provocado pola acción antrópica.

Enerxías renovables: *Coñecidas tamén como enerxías alternativas. Fontes enerxéticas limpas e renovables en proceso de investigación e desenvolvemento, pero que na actualidade son claramente insuficientes para cubrir a demanda enerxética. Exemplos: a enerxía eólica, a solar, a xeotérmica, a maremotriz....*

Esperanza de Vida: *Número medio de anos que unha persoa ao nacer espera vivir, supoñendo que as condicións de mortalidade permanezan constantes.*

Anos que pode esperar vivir como media unha persoa, ben ó nacer, ou ben cando alcanza unha determinada idade, nun territorio determinado e nun ano determinado.

É a duración media de vida para unha poboación e unha época dadas. En España é maior para as mulleres (84 anos) que para os homes (78), posto que estes desempeñaron tradicionalmente as actividades máis duras e de máis risco. Hoxe en día tende a equilibrarse esta diferenza ao desenvolver as mulleres hábitos tradicionalmente masculinos ata o momento.

Estatuto de autonomía: *norma institucional básica española dunha comunidade ou dunha cidade autónoma, recoñecida pola Constitución española de 1978.*

Esteiro: *extensión mariña nas proximidades da desembocadura dun río onde se producen interaccións entre a auga doce e salgada por efecto das mareas, que xeran un ecosistema peculiar.*

Estiaxe: *momento do ano en que un río presenta augas baixas no seu caudal, debido á aridez ou á retención da auga en forma de neve ou xeo en inverno.*

Caudal mínimo que en certas épocas do ano ten as augas dun río por causa da seca.

Explotación intensiva: *explotación agraria na que a produción é elevada en conxunto, pero escasa en relación á superficie utilizada, que debe ter grandes dimensións.*

Forma de explotación localizada sobre unha superficie reducida que produce altos

rendementos grazas aos elevados investimentos que recibe en traballo ou no emprego de técnicas avanzadas.

-é aquela explotación agraria que elimina os barbeitos e recorre á produción continua do terreo, estimulada polo emprego de fertilizantes e o regadío artificial. Este tipo de agricultura intensiva obtén unha forte produtividade, sobre terreos moitas veces de extensión reducida. É moi habitual no litoral mediterráneo, especializado na horticultura.

Fondos estruturais: *fondos establecidos na Unión Europea co fin de lograr a cohesión, axudando ao desenvolvemento de rexións desfavorecidas e que abarcan diversos aspectos (axudas á agricultura, ás infraestruturas, a proxectos de desenvolvemento etc.)*

presupostos de apoio á P.A.C. para paliar problemas estruturais da agricultura en diversas rexións desfavorecidas.

Fondos da UE destinados a reducir as diferenzas non desenvolvemento entre rexións europeas, apoiando ás máis desfavorecidas mediante inversións nunha serie de obxectivos: desenvolvemento das rexións máis atrasadas, reconversión das máis afectadas pola crise, etc.

-son instrumentos da Unión Europea que teñen por obxecto reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as rexións, e busca reforzar a cohesión económica e social. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –destinados ás rexións menos favorecidas- e o Fondo Social Europeo (FSE) –destinado á formación, para fomentar as oportunidades de emprego.

Foz *Sector no que un río conflúe con outro ou desemboca nun lago ou no mar. Tamén se pode empregar ou referirse á boca dunha ría.*

Estreitamento ou encaixamento que se produce nun río que discorre entre as montañas.

Forma estrutural dun relevo xurásico, cortando un monte.

Franquicia: *Cadeas de establecementos pertencentes a empresas xurídicamente distintas ligadas por un contrato no que a franquiciadora lles concede ás concesionarias a licenza para explotar unha marca ou unha fórmula comercial mediante o pagamento dunha cantidade determinada, a cambio de asistencia, publicidade e outros elementos.*

Industrias verdes: *Tamén coñecidas como ecolóxicas ou ambientais, son unha nova rama industrial que ten como fin desenvolver tecnoloxías limpas para a industria.*

Inversión térmica: *situación atmosférica na que, nunha capa de aire, a temperatura aumenta coa altura en lugar de descender, debido a circunstancias diversas.*

Isóbara: *Liña que une puntos de igual valor de presión atmosférica.*

Isohietas: *liña que une puntos de igual cantidade de precipitación recollida nun período de tempo*

determinado.

Landa: *Formación arbustiva típica das áreas de clima templado oceánico húmido, donde destacan planta, como os brezos, toxos, etc., e desenvolvida en xeral sobre solos acedos.*

Laurisilva: *Tipo de bosque subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e con leves xeadas. Localízase nas Illas Canarias.*

-é un bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” -determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

Litosfera : *capa ríxida do globo terrestre, situada por riba da astenosfera, de consistencia viscosa e que abrangue algunhas decenas de quilómetros de espesor ata a superficie. Nela inclúese a codia terrestre e a parte máis externa do manto.*

-é un conxunto máis ou menos ríxido, fragmentado en diversas placas, que forma a superficie sólida do planeta e descansa sobre unha capa plástica, a astenosfera. A litosfera está formada pola códea e unha parte do manto superior terrestre.

Maquis: *matogueira arbustiva mediterránea que pode acadar os 2 m. de altura, composto, entre outras especies, por xaras e lentiscos.*

Formación arbustiva mediterránea, rica en especies, desenvolvida sobre solos silíceos e de gran densidade, a diferenza da garriga.

-Maquis ou maquia é un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que soe refuxiarse sobre solos silíceos. Os madroños, as xaras, os brezos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

Marisma: *terreo que normalmente está un pouco por debaixo do nivel do mar, que se inunda coas augas mariñas, coas dos ríos que desaugan alí, ou con ambas á vez, e que posúe unha vexetación anfibia.*

Terreo baixo e pantanoso que se inunda polas augas do mar.

Chairas de lama que se forman en baías baixas que se enchen cos sedimentos aportados polos ríos que as atravesan e polo mar, que as cobre en preamar e as deixa en descuberto en baixamar.

Materias primas estratéxicas: *Minerais considerados estratéxicos para o desenvolvemento das novas tecnoloxías (industria de aparellos electrónicos, compoñentes informáticos, telefonía móbil, tecnoloxía nuclear....*

Entre eles destacan o petróleo, o uranio, o coltán, o niobio, o cobre, o berilio, o molibdeno, chumbo, zinc, platino.....

Meseta: *Superficie chá ou lixeiramente inclinada nunha determinada dirección, cortada por vales e situada a certa altitude sobre o nivel do mar.*

Movimentos antiglobalización: *movementos sociais xurdidos a finais do s. XX e compostos por activistas opostos ao neoliberalismo e a globalización capitalistas, e defensores dun modelo socioeconómico máis xusto e sostible.*

Municipio: *Unidade territorial administrativa básica rexida por un concello elixido democráticamente, en que se divide oficialmente o territorio español. Normalmente, a capital coincide cun núcleo de poboación concentrado mentras o resto dos núcleos están dispersos, como no caso de Galicia.*

Obxectivos do Milenio(OMD): *conxunto de oito propósitos de desenvolvemento humano fixados no ano 2000, e que os 193 países membros das Nacións Unidas acordaron conseguir para 2015. Inclúen a erradicación da pobreza extrema e da fame, a igualdade de xénero ou a sostibilidade do Medio Ambiente entre outros asuntos.*

Padrón Municipal: *Instrumento estatístico que recolle a relación da poboación dun municipio con algunhas das súas características e é proba de residencia, debendo ser permanentemente actualizado. Reconto xeral dos habitantes dun concello, e que se fai cada cinco anos e recolle datos como o nome e apelidos, o enderezo, o sexo, a data e lugar de nacemento, a nacionalidade, o estado civil, o nivel cultural, a profesión, etc. É un documento dinámico que debe actualizarse e é público.*

Paisaxe: *Área da superficie terrestre produto da interacción de diferentes factores e que ten un reflexo visual no espazo.*

Extensión da superficie terrestre acadada por medio da vista e que resulta da conxunción de elementos de distinta natureza (físicos e humanos), que lle dan unidade a un espazo determinado.

Parque tecnolóxico: *Espazo que conta con grandes investimentos oficiais co fin de atraer empresas nacionais e estranxeiras adicadas a sectores punta, xeradoras de innovación.*

Parroquia: *Territorio que abrangue a varios núcleos de poboación baixo a xurisdicción moral dun sacerdote, de límites asumidos e coñecidos polos moradores, pero non recoñecidos xurídicamente en Galicia.*

Penechaira: *Superficie de erosión, cunha topografía plana e de escasos desniveis a certa altitude sobre o nivel do mar.*

Plan Estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT): *Elaborado polo Ministerio de Fomento, proxecta actuacións en infraestruturas e transportes dende o 2005 ao 2020, cun investimento superior aos 240.000 millóns de euros. A finalidade é mellorar a competitividade económica, a cohesión territorial e social, e a seguridade e calidade dos medios de transporte en España.*

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU): *instrumento de ordenación do territorio dun municipio, mediante a planificación do crecemento e a definición de sectores en función do seu carácter urbanizable, non urbanizable, protexido etc.*

Instrumento de ordenación integral do territorio que clasifica o solo segundo o seu réxime xurídico: solo urbán, solo urbanizable programado, solo urbanizable non programado e solo non urbanizable.

Poboación Activa: *Sector da poboación que se atopa en idade (maior de 16 anos) e condicións de traballar e que proporciona man de obra dispoñible para a produción de bens e servizos. Comprende por tanto á poboación activa que traballa, (poboación activa ocupada), como á que está buscando traballo, (poboación activa desocupada ou en paro).*

Política Agrícola Común (PAC): Normas directivas de cohesión e coordinación das políticas e actividades agropecuarias entre os países membros da UE.

Política Pesqueira Comunitaria (PPC): Normas directivas da UE que establece unha serie de cuotas na cantidade de peixe de cada especie que os estados membros poden capturar.

Provincia: área administrativa do Estado con xurisdicción sobre un grupo de concellos. A actual división española consta de 50 provincias.

Réxime Demográfico: É o modelo demográfico dunha poboación na que a natalidade, mortalidade e o crecemento natural presentan unhas características homoxéneas, que poden evolucionar co tempo. Nesta evolución distínguense varias etapas ou fases, que son: réxime demográfico antigo, transición demográfica e réxime demográfico moderno ou actual.

Ría: val fluvial asolagado en parte ou na súa totalidade polas augas do mar.

Saldo Migratorio: diferenza entre a emigración e a inmigración nun país. Balance entre o volume emigratorio e inmigratorio dunha sociedade ou grupo humano. Balance entre emigración e inmigración. Pode ser positivo ou negativo en función da superioridade da inmigración sobre emigración ou viceversa. Desde o século XIX ata a crise de 1975 España foi un país tradicionalmente emigratorio pero desde a década dos 90 converteuse nun país de acollida ou de inmigración.

Silvicultura: Coidado dos bosques e montes para lograr unha produción continua e sostible de madeira, leña, cortiza e froitos que demanda a sociedade.

Somontano: terreo situado ao pé dunha montaña.

Subcontratación: Chamada tamén terciarización ou “outsourcing”, é o proceso económico mediante o cal unha empresa move ou destina os recursos dun servizo ou infraestrutura a outras empresas menores para aforrar custos.

A empresa principal non realiza directamente certas tarefas, derivando estas a outras empresas ou persoas mediante un contrato.

Taxa de Fecundidade: É o número de nados vivos por cada 1000 mulleres en idade de procrear (15-49 anos). Calcúlase multiplicando o nº de nados dun ano por 1000, e dividíndoos polo nº de mulleres en idade de procrear. Considérase alta unha taxa de fecundidade superior a 150 por mil; media de 150 a 75 por mil, e baixa de menos de 75 por mil.

Taxas aeroportuarias: Tarifas que deben pagar as compañías aéreas pola utilización das instalacións dos aeroportos (seguridade, pasaxeiros e aterraxe, entre outras). No caso de España, AENA (o xestor aeroportuario) cóbralle ás compañías ditas taxas polo uso dos seus centros e do espazo aéreo.

Tectónica de placas: *teoría desenvolvida nos anos 60 que tenta explicalo modelo dos componentes estruturais da Terra e os mecanismos polos que se formaron, distinguindo 6 placas le litosfera ríxida que se desprazan sobre a astenosfera viscosa. Os desprazamentos provocan sismos, e son responsables da formación das fosas oceánicas, das cordilleiras, etc.*

-é unha teoría que explica a deriva continental e outros fenómenos como a formación de montañas, volcáns e terremotos. Segundo a tectónica de placas, a superficie exterior da Terra, chamada cortiza, consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas que están en constante movemento. España está no límite sur da placa eurasiática.

Tómbolo: *barra areosa que conecta unha illa coa costa ou dúas illas entre si.*

Tour operadores: *Aplícase este termo ás grandes axencias de viaxes que se centran na confección de paquetes turísticos, elaborados para un elevado número de clientes e postos á venda con anticipación á demanda real. Ditas axencias forman grupos empresariais mediante a integración horizontal ou vertical.*

Transición Demográfica: *É o período da historia demográfica caracterizado por un descenso suave da taxa de natalidade e un rápido descenso da taxa de mortalidade, debido aos avances médicos e sanitarios, e a mellora do nivel de vida económico, educativo e cultural. En España non hai acordo entre os demógrafos sobre a data de comenzo desta. Para uns sitúase nos comenzos do s. XX, outros a retrasan ata 1920.*

O remate está claramente situado en 1975, cando o afundimento de natalidade da paso ao réxime demográfico moderno.

Transxénicos: *Alimentos producidos a partir dun organismo modificado xenéticamente para obter as características desexadas. Actualmente, se está a desenvolver sobre todo nos cultivos de soja, millo e cebada.*

Umbria: *aba ou vertente dunha montaña orientada a costas do sol (cara ao Norte no noso Hemisferio), nunha zona de sombra orográfica ao recibir menos radiación solar.*

- A umbría (avesedo) é a parte dun terreo en que case sempre fai sombra, por estar exposta ao norte, no noso hemisferio. Por exemplo, as vertentes orientadas cara ao Norte do Cordal Cantábrico.

Unidade Veciñal de Absorción (UVA): *Barriadas de promoción oficial dos anos 40 e 60, construídas en 3 ou 4 meses como barracóns prefabricados, con carácter provisional, para un período máximo de 5 anos, que logo se prolongou durante décadas. Estaban pensadas para aloxar aos chabolistas e á poboación procedente do campo, e estaban formadas por vivendas unifamiliares dispostas ao longo de rúas paralelas.*

Vexetación antrópica: *Vexetación alterada pola acción e intervención do ser humano.*

Vexetación clímax: *é aquela vexetación que está en equilibrio coas condicións ambientais dun lugar, é dicir, a vexetación potencial que debería existir nun lugar de non medieren outros factores cós meramente ambientais. Situación óptima dunha comunidade de vexetación e fauna, sen intervención humana, que acadou o equilibrio dinámico co seu entorno e clima dominante.*

Formacións vexetais que acadan un estado de equilibrio co medio (clima, relevo, solo). A vexetación clímax, en caso de destrución, pode recuperarse por si mesma.

Xentrificación: *Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio marxinal, é progresivamente desprazada por outra de maior nivel adquisitiva, á vez que se renova.*

Os barrios degradados poden estar situados preto do centro urbano e ofrecer interesantes vantaxes de calidade e prezo.

Xeopolítica: *disciplina que estuda a relación entre os fenómenos políticos e os feitos espaciais que estes orixinan ou polo que veñen orixinados.*